

INSTRUCCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE RECURSOS HUMANOS SOBRE ATENCIÓN CONTINUADA EN RÉXIME DE LOCALIZACIÓN EN DIVERSAS CATEGORÍAS SANITARIAS.

Nas sucesivas ordes anuais da Consellería de Facenda e Administración Pública polas que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica, actualízanse as contías das retribucións do persoal, recollendo as retribucións por atención continuada de persoal do Servizo Galego de Saúde, concretamente a retribución por módulo nas modalidades de presenza física e localización para a actividade de enfermeira/o en equipos de transplantes, perfusión, hemodinámica e histoloxía.

O Servizo Galego de Saúde presta a atención sanitaria á sociedade coa dotación estrutural do persoal que integran as distintas unidades e servizos. Sen prexuízo do anterior, nas institucións sanitarias hai unidades con persoal requirido en diferentes horarios (normalmente coincidentes con quendas de tarde, noite, sábados, domingos e festivos) por mor da actividade de demanda urxente de servizos a prestar por persoal especializado para a realización de diversas técnicas. O persoal localizado para prestar estes concretos servizos urxentes, garante a prestación da asistencia sen necesidade de realizar actividade de presenza nesas quendas. Dito o anterior, compre aclarar que a presente instrución non pretende fomentar a utilización do réxime de localización, senón regularizar as localizacións existentes na actualidade.

Co fin de adaptar aos requirimentos actuais da asistencia sanitaria, a Orde do 8 de febreiro de 2021 pola que se ditan instrucións sobre a confección de nóminas do persoal ao servizo da Administración autonómica para o ano 2021 (DOG Núm. 30 do 15 de febreiro), establece, a proposta do Servizo Galego de Saúde, as unidades nas que enfermeiros/as poden prestar servizos en réxime de localización incluíndo as unidades de radioloxía intervencionista, diálise, cirurxía cardíaca e endoscopias dixestivas. Por outra parte, a orde incorpora a retribución en réxime de localización na categoría de técnica/o en coidados auxiliares de enfermaría (TCAE) nas unidades de radioloxía intervencionista, diálise, cirurxía cardíaca, endoscopias dixestivas e hemodinámica, e nas categorías de técnica/o superior en anatomía patolóxica para autopsias fóra do horario ordinario e técnica/o superior de imaxe para o diagnóstico en resonancia magnética.

Logo da extensión da retribución na modalidade de localización a novas categorías e unidades, cómpre ditar instrucións que garantan a aplicación uniforme dos distintos conceptos retributivos

vinculados á atención continuada nestas categorías antes citadas, así como establecer medidas a prol de facer efectiva a compensación dos descansos derivados da atención aos requirimentos atendidos polas/os profesionais por presencialidade e as súas consecuencias nos descansos diarios e semanais.

Rematada a negociación no marco de Mesa Sectorial, en uso das competencias atribuídas a Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde, procede a ditar as seguintes,

INSTRUCCIÓNS

1. OBXECTO E ÁMBITO

As presentes instrucións teñen por obxecto a determinación dos conceptos retributivos vinculados ao réxime de localización, derivado da prestación efectiva de servizos polo persoal das categorías de enfermeira/o, técnica/o superior en anatomía patolóxica, técnica/o superior de imaxe para o diagnóstico e TCAE que presten servizos de atención continuada en réxime de localización realizando módulos horarios de localización en atención hospitalaria, sempre que o seu réxime retributivo contemple a percepción do complemento de atención continuada.

Así mesmo, establecer a determinación do réxime de descansos compensatorios, pola interrupción do descanso continuado mínimo diario e/ou semanal, derivado da prestación efectiva de servizos.

2. ATENCIÓN CONTINUADA EN RÉXIME DE LOCALIZACIÓN.

Entenderase por atención continuada en réxime de localización, a modalidade de prestación de servizos complementaria, en virtude da cal, o/a profesional atópase fóra do centro de traballo, en situación de dispoñibilidade que faga posible a súa localización para ser chamando a presenza inmediata para atender as necesidades asistenciais que eventualmente se poidan producir fóra da quenda ordinaria de presenza.



3.- CONCEPTOS RETRIBUTIVOS ASOCIADOS AO RÉXIME DE LOCALIZACIÓN.

Os/as profesionais incluídos/as no ámbito de aplicación das presentes Instrucións, xerarán o dereito a percibir os tres seguintes conceptos retributivos:

3.1.- Atención continuada: aboarase o módulo horario de localización previsto na orde de confección de nóminas para a respectiva categoría (Anexo XV Orde de confección de nóminas 2021¹).

3.2. Complemento PRD, modalidade de quendas.

- QRC: Percibirán o PRD correspondente ao grupo e quenda rotatoria complexa establecida na orde de confección de nóminas anual para cada categoría, cando o número de noites de localización prevista no calendario anual sexa igual ou superior a vinte e unha noites ao ano. Sen prexuízo deste principio xeral, para o persoal con servizos temporais de duración inferior ao ano, aboarase o PRD por quendas no mes que o profesional faga tres ou máis noites de localización.

- QRS: Aboarase o PRD de rotación simple que corresponde a cada grupo e categoría.(Anexo IX Orde de confección de nóminas 2021¹) no suposto de que o número de tardes de localización segundo o calendario anual, sexa igual ou superior a catorce tardes ao ano e o/a profesional non perciba o PRD de quenda rotatoria complexa.

3.3. Nocturnidade e/ou festividade. No suposto de requirir a presenza física durante a realización da localización, retribuiranse os módulos completos correspondentes as presenzas realizadas nas quendas de noite, domingo, festivo e servizos na noite de sábados e véspera de festivo, polo importe/módulo establecido na orde de confección de nóminas para cada grupo/subgrupo (anexo XV - Atención Continuada- Orde de confección de nóminas 2021¹).

Para o ano 2021 de conformidade coa orde vixente, os importes a percibir segundo o número de horas de localización e a necesidade ou non de incorporación ao servizo son os seguintes:

¹ Ou normativa vixente en cada momento.



| Importes localización ano 2021 | | | |
|--|--------------|--------------------------|----------------------------------|
| Categoría profesional | 7 horas | 10 horas | |
| | <i>tarde</i> | <i>Sen incorporación</i> | <i>Con incorporación (noite)</i> |
| Enfermeiro/a | 38,08 | 54,40 | 96,30 |
| Técnico/a superior sanitario | 28,70 | 41,00 | 75,10 |
| Técnico/a de cuidados auxiliares de enfermería | 25,62 | 36,60 | 66,60 |

| Importes localización ano 2021 | | | | |
|--|--------------------------|----------------------------------|--------------------------|------------------------------------|
| Categoría profesional | 17 horas | | 24 horas | |
| | <i>Sen incorporación</i> | <i>Con incorporación (noite)</i> | <i>Sen incorporación</i> | <i>Con incorporación (festivo)</i> |
| Enfermeiro/a | 92,48 | 134,38 | 130,56 | 200,35 |
| Técnico/a superior sanitario | 69,70 | 103,80 | 98,40 | 153,14 |
| Técnico/a de cuidados auxiliares de enfermería | 62,22 | 92,22 | 87,84 | 137,61 |

Ademais, cando se requira a presenza física durante a realización dunha garda localizada nos días de especial significación (24, 25 e 31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro), procederase ao abono do correspondente festivo especial e dobre garda localizada, resultando os importes seguintes:

| Importes localización ano 2021 | | | | |
|--|--------------------------|--------------------------|--------------------------|--------------------------|
| DÍAS DE ESPECIAL SIGNIFICACIÓN | 7 horas | | 10 horas | |
| Categoría profesional | <i>Sen incorporación</i> | <i>Con incorporación</i> | <i>Sen incorporación</i> | <i>Con incorporación</i> |
| Enfermeiro/a | 76,16 | 145,95 | 108,80 | 178,59 |
| Técnico/a superior sanitario | 57,40 | 112,14 | 82,00 | 136,74 |
| Técnico/a de cuidados auxiliares de enfermería | 51,24 | 101,01 | 73,20 | 122,97 |



| Importes localización ano 2021 | | | | |
|--|-------------------|-------------------|-------------------|-------------------|
| DÍAS DE ESPECIAL SIGNIFICACIÓN | 17 horas | | 24 horas | |
| Categoría profesional | Sen incorporación | Con incorporación | Sen incorporación | Con incorporación |
| Enfermeiro/a | 184,96 | 254,75 | 261,12 | 330,91 |
| Técnico/a superior sanitario | 139,40 | 194,14 | 196,80 | 251,54 |
| Técnico/a de coidados auxiliares de enfermería | 124,44 | 174,21 | 175,68 | 225,47 |

4. RÉXIME DOS DESCANSOS.

4.1 Regra xeral.

4.1.1 Os procedementos de localización das/dos profesionais e o réxime de descansos deben constar por escrito nos Plans funcionais de cada unidade, previo tratamento co persoal da unidade e a representación do persoal na área/distrito respectivo.

De ser requirido o/a profesional para a prestación efectiva de servizos no centro de traballo pola persoa autorizada, a efectos de descanso, entenderáse que deben gozar dun descanso compensatorio sempre que a prestación de servizos interrompa a continuidade mínima necesaria do descanso diario (12 horas entre a prestación efectiva da garda e a incorporación á quenda de traballo ou entre a prestación efectiva da garda e a activación da seguinte garda) ou semanal (24 + 12 horas).

Dado que o descanso continuado é unha medida de protección da saúde e seguridade dos/das traballadores/as, procurarase o goce do descanso compensatorio, ao que se refiren as presentes instrucións, nas datas máis próximas á realización do servizo en función das cargas asistenciais e, en todo caso, garantirase o desfrute do mesmo no prazo dos dous meses seguintes, agás acordo en contrario entre a dirección e profesionais.

Na planificación destes descansos garantirase a súa continuidade en períodos de cando menos doce horas ininterrompidas.



Deberá garantirse un descanso de 36 horas nun período de 14 días, en todo caso.

O goce dos descansos compensatorios previstos no apartado anterior non poderá ser substituído por compensación económica.

Manterase a vixencia dos acordos existentes nas institucións, servizos ou unidades que contemplan medidas de descanso compensatorio á interrupción do descanso mínimo continuado diario ou semanal como consecuencia dos servizos efectivos realizados durante o tempo das gardas localizadas, en tanto concorran as circunstancias que os posibilitaron. Estes acordos deberán ser integrados no correspondente Plan funcional.

4.1.2 Para os efectos do cálculo do tempo do dito descanso compensatorio computaranse os seguintes períodos:

a. Tempo de traballo efectivo:

Para os efectos previstos neste apartado, entenderase por tempo de traballo efectivo aquel no que se permanece na institución sanitaria, ou lugar que se determine, no exercicio efectivo da súa actividade ou funcións, sempre que concorran os requisitos previstos no apartado 4.1.1.

A estes efectos a dirección da institución, atendendo ás peculiaridades da súa organización, articulará os mecanismos de xustificación da realización do servizo, da súa duración e da causa do chamamento que estime oportunos para a súa constatación, verificación e seguimento.

b. Tempo de desprazamento:

Sen prexuízo da obriga do profesional de acudir á maior brevidade posible ante un requirimento, estimarase como tempo de desprazamento un máximo de 60 minutos, nos que se entenderán incluídos os tempos de ida e volta.



5.- PLANS FUNCIONAIS.

A organización da atención continuada en réxime de localización deberá constar por escrito nun Plan funcional, no que se xustificará a necesidade desta modalidade de prestación para a unidade, a súa organización incluíndo o patrón de traballo, horarios, persoal adscrito e actividade a realizar como atención continuada na unidade.

6.- CATEGORÍAS E SERVIZOS CON RÉXIME DE LOCALIZACIÓN.

As presentes instrucións son de aplicación en cada área sanitaria ás categorías e unidades nas que se veñen prestando servizos de localización, non procedendo a extensión deste réxime de prestación de servizos a categorías e unidades distintas das xa implantadas na correspondente área sanitaria.

As presentes instrucións será de aplicación as localizacións realizadas dende o 1 de xaneiro do 2021.

Santiago de Compostela.

A directora xeral de Recursos Humanos

[Sinatura dixital á marxe]

Ana María Comesaña Álvarez

